

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE VILALONGA
CURSO: 1º BACHARELATO.
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I
DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
DATA: 12 de maio de 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

BLOQUE 1. Comunicación oral: escoitar e falar

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	CC
B1.1. Comunicación oral non espontánea no ámbito educativo: o seu proceso e a situación comunicativa.	B1.1. Expor oralmente un tema especializado con rigor e claridade, documentándose en fontes diversas, organizando a información mediante esquemas, seguindo unha orde preestablecida e utilizando as técnicas de exposición oral e as tecnoloxías da información e da comunicación.	LCL1B1.1.2. Exprésase oralmente con fluidez, coa entoación, o ton, timbre e a velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	Rúbrica 1.	CCL
		LCL1B1.1.3. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.) empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.	Rúbrica 1.	CSC

BLOQUE 2: Comunicación escrita: ler e escribir.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	Competencias clave
B2.1. A comunicación escrita no ámbito educativo.	B2.1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación,	LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	Preguntas en probas escritas. Traballos escritos. Rúbrica 3.	CCL

B2.2. Comprensión, producción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.	problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa.	LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.), empregando un léxico preciso e especializado, e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.	Preguntas en probas escritas. Traballos escritos. Rúbrica 3.	CSC
B2.2. Comprensión, producción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.	B2.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura.	Preguntas en probas escritas.	CCL
B2.3. Comprensión, producción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade.	B2.3. Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos e publicitarios de carácter informativo e de opinión, recoñecendo a intención comunicativa, identificando os trazos propios do xénero e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL1B2.2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais e secundarias.	Preguntas en probas escritas.	CMCCT
		LCL1B2.2.3. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención comunicativa do/da autor/a, tema e xénero textual).	Preguntas en probas escritas.	CSC
BLOQUE 3. Coñecemento da lingua.				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	Competencias clave

<p>B3.1. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica. B3.2. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica. B3.3. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal. B3.4. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais. B3.5. Determinantes: tipoloxía e usos. B3.6. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes. Relacións gramaticais. B3.7. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais. B3.8. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais.</p>	<p>B3.1. Aplicar sistematicamente os coñecementos sobre as categorías gramaticais na realización, autoavaliación e mellora dos textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.</p>	<p>LCL1B3.1.2. Utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.</p>	<p>Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas específicas en probas escritas.</p>	<p>CCL</p>
<p>B3.9. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas sim-</p>	<p>B3.3. Aplicar progresivamente os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavalia-</p>	<p>LCL1B3.3.1. Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras.</p>	<p>Preguntas en probas escritas.</p>	<p>CCL</p>
		<p>LCL1B3.3.2. Recoñece as oracións activas, pasivas, impersonais e medias, contrastando as diferenzas entre elas en función da intención comunicativa do texto en que aparecen.</p>	<p>Preguntas en probas escritas.</p>	<p>CCL</p>

ples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos.	ción e mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL1B3.3.3. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas substantivas en relación co verbo da oración principal.	Preguntas en probas escritas.	CCL
B3.10. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual.	B3.4. Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa.	LCL1B3.4.1. Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.	Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas en probas escritas.	CCEC
		LCL1B3.4.2. Analiza e explica os trazos formais dun texto nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa.	Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas en probas escritas.	CCL
B3.11. Recoñecemento e explicación das propiedades textuais. Os seus procedementos. Modalidade.	B3.5. Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión.	LCL1B3.5.1. Incorpora os procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	Actividades escritas recollidos pola profesora. Rúbrica 3.	CCL
		LCL1B3.5.3. Valora os recursos expresivos empregados polo emisor dun texto en función da súa intención comunicativa e do resto dos elementos da situación comunicativa, diferenciando e explicando as marcas de obxectividade e de subxectividade, e os procedementos gramaticais de inclusión do emisor no texto.	Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas en probas escritas.	CSC
BLOQUE 4. Educación literaria.				

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	Comp. clave
B4.1. Estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX, a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.	B4.1. Realizar o estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.	LCL1B4.1.1. Le e analiza fragmentos e obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.	Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas en probas escritas.	CCEC
B4.2. Análise de fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autora, e constatando a evolución histórica de temas e formas. B4.3. Desenvolvemento da autonomía de lectura e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.	B4.2. Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	LCL1B4.2.1. Identifica as características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a.	Preguntas en probas escritas.	CAA
B4.3. Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.	B4.3. Interpretar criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL1B4.3.1. Interpreta criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.	Preguntas en probas escritas.	CCEC

<p>B4.4. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.</p>		<p>LCL1B4.3.2. Detecta as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.</p>	<p>Preguntas en probas escritas.</p>	<p>CCEC</p>
<p>B4.5. Planificación e elaboración de traballos educativo escritos ou presentacións sobre a literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor. B4.6. Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo.</p>	<p>B4.4. Planificar e elaborar textos de intención literaria, traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.</p>	<p>LCL1B4.4.3. Argumenta con rigor o seu propio xuízo crítico.</p>	<p>Preguntas en probas escritas.</p>	<p>CCL</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Recollidos na táboa do punto 1 do presente documento.
	Instrumentos: Recollidos na táboa do punto 1 do presente documento.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final do curso realizarase tomando como referencia as notas da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Así, a nota de 1ª avaliación contará un 60% e a de 2ª avaliación un 40%. Ademais, os traballos de repaso e, no seu caso, ampliación, realizados durante a 3ª avaliación poden sumar ata un punto a engadir a esa media.</p> <p>O alumnado que non acadase unha nota final de 5 terá un plan de recuperación de actividades que recollan os estándares nos que non chega ao grao mínimo.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Constará dunha proba escrita que permita constatar a consecución do grao mínimo dos estándares imprescindibles recollidos no presente documento.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os recollidos na PD de 1º de Bacharelato publicada na páxina web do centro educativo e dos que o alumnado foi informado.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media entre a 1ª proba parcial xa realizada e a 2ª proba. - De non acadar unha cualificación positiva (5), o alumno/a poderá realizar unha proba final.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>1ª proba parcial escrita xa realizada.</p> <p>2ª proba parcial dividida en dous: proba escrita enviada pola plataforma empregada xa antes do confinamento (Classroom) e proba telemática oral por WebEx.</p> <p>De darse o caso, a proba final</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades serán variadas e motivadoras, buscando a implicación do alumnado.</p> <p>Actividades de recuperación: Ao longo da 3ª avaliación, o alumnado que non acadou una avaliación positiva na materia nalgunha das dúas primeiras avaliacións, realizará actividades de recuperación que se cinguirán aos estándares imprescindibles recollidos no presente documento. Estas actividades deseñaranse por bloques de estándares, para que o alumnado só teña que realizar aquelas que recollan os estándares nos que non acadou o grao mínimo, mentres que non terá que realizar actividades de estándares que xa ten avaliados positivamente.</p> <p>Actividades de repaso: As actividades de repaso buscarán o afianzamento dos aprendizaxes e competencias traballados durante as dúas primeiras avaliacións e constarán de cuestionarios, exercicios de comprensión lectora, de comprensión oral, de expresión escrita, de expresión oral, de creación audiovisual...</p> <p>Actividades de profundización ou ampliación: Deseñaranse actividades de ampliación ou profundización para o alumnado que así o precise, buscando a súa motivación. Serán fundamentalmente de carácter creativo.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía buscará a participación activa do alumnado e unha comunicación o máis directa coa profesora a través das canles que empregan habitualmente.</p> <p>De detectarse casos de alumnado non conectado ou que non presenta as tarefas propostas, porase en coñecemento da titora ou titor para que se lle faga chegar ao xefe de estudos e poidan tomar as medidas precisas co fin de facer chegar a ese alumnado o material co que se está a traballar.</p>
Materiais e recursos	<p>A profesora empregará materiais escritos, fichas, material audiovisual, recursos en liña como páxinas web, etc., que se facilitarán ao alumnado a través da plataforma que emprega habitualmente (Classroom). Ademais, empregárase a plataforma WebEx para a realización de clases virtuais, buscando unha comunicación máis directa co alumnado e a motivación que os leve a non desconectar do proceso de ensino. Empregárase, tamén, o correo electrónico.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado transmitirá ao alumnado a información a través da plataforma que emprega habitualmente para comunicarse con eles (Classroom) e empregárase a plataforma Abalar para a comunicación coas familias, se fose preciso, de xeito directo ou a través da titora ou titor.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.